

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA CUMPRIR OS ACORDOS ORZAMENTARIOS EN RELACIÓN COA PRAZA ROSALÍA DE CASTRO

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para cumprir os acordos orzamentarios en relación coa Praza Rosalía de Castro.

Exposición de motivos

O barrio de San Xoán – O Bertón está a sufrir un gran menosprezo por parte do goberno municipal, xa non só a nivel comunicativo pois o diálogo é nulo entre Alcalde e representantes veciñais, se non tamén en cuestión de investimentos onde vemos que é ridículo en comparación con outras zonas da cidade.

Este barrio ten moitas necesidades e lamentablemente case todas son históricas, coma o centro de saúde que está pendente da cesión dunha parcela por parte do Concello, as correccións nas beirarrúas de Basanta e Espiño, a demandada e prometida residencia de maiores ou a Praza Rosalía de Castro, que estes últimos anos está practicamente inutilizada polo estado que presenta, con varios niveis que provocan caídas, numerosas fochancas e mobiliario urbano en deterioro.

Ferrol en Común, no seu día, recolleu esta demanda do barrio San Xoán – O Bertón e incluíu o arranxo da Praza Rosalía de Castro no acordo de orzamentos que asinou co goberno local, incluíndo un orzamento de 50.000€ para o ano 2021 e con 450.000€ para o

ano 2022. Sen embargo non hai nada feito e non hai previsión de que se vaia facer co mandato case rematado.

O único paso dado foi o pasado 23 de febreiro de 2022, cando a Asociación Veciñal do barrio elixiu o modelo de proxecto para a Praza de Rosalía e dende aquela non teñen ningunha noticia do goberno municipal.

Dende Ferrol en Común sentímonos estafados ao ver que ningún dos proxectos que foron incluídos no acordo de orzamentos foron executados, entre eles, esta Praza Rosalía de Castro.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Instar ao goberno local a cumprir o acordo de orzamentos asinado con FeC e desenvolver o proxecto de rehabilitación integral da Praza Rosalía Castro.

Ferrol, 17 de febreiro de 2022.

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común